CN	Observa e identifica, coa axuda do docente, algúns materiais fixándose nas súas propiedades elementais: olor, sabor, textura, color etc.	
CN	Utiliza a balanza.	
CN	Realiza, coa axuda do docente, sinxelas experiencias e observa cambios no movemento dos corpos por efecto das forzas.	
CN	Identifica algunha característica das enerxías: lumínica e sonora.	
CN	Coñece as enerxías renovables: sol e vento.	
CN	Realiza experiencias, coa axuda do docente, sobre o cambio de estado (sólido-líquido).	
CN	Identifica diferentes máquinas do contorno familiar.	
CN	Observa e identifica algunha das aplicacións das máquinas do contorno familiar e a súa utilidade para facilitar as actividades cotiás.	
CN	Observa, utilizando medios de observación directa (lupa etc.) e indirecta (consultando imaxes, gráficos etc.), feitos naturais do seu contorno máis próximo.	
CN	Coñece, identifica e adopta, de maneira guiada, hábitos saudables para previr enfermidades no ámbito familiar e escolar.	
CS	Localiza nunha imaxe o Sol, a Lúa e as estrelas no contorno espacial.	
CS	Observa e ordena imaxes das estacións e describe de forma oral algunha das súas características.	
CS	Coñece e interpreta o plano da clase (en papel ou en soporte dixital).	
CS	Iníciase no uso das nocións topolóxicas básicas con pictogramas, debuxos, situacións e xogos sobre espazos limitados e coñecidos.	
CS	Distingue diferentes espazos da súa vida cotiá: a casa e os tipos de vivenda, o colexio e as súas dependencias, o barrio (tomando referentes como organizadores gráficos, murais etc.).	
CS	Ordena cronoloxicamente acontecementos importantes da súa propia vida nunha secuencia temporal.	
CS	Utiliza formas adecuadas á situación de medida do tempo (días/semanas, meses/anos, onte/hoxe/mañá, antes/despois) nas rutinas diarias.	
CS	Nomea de maneira ordenada os días da semana e usa adecuadamente o calendario (día, semana, mes) nas rutinas	

Área	Estándar	ADQUIRIDO (SI/NON)
	diarias.	
CS	Identifica diferentes estados da auga en imaxes.	
CS	Observa imaxes de paisaxes e identifica algúns elementos, clasificándoos segundo sexa unha paisaxe humanizada ou unha paisaxe natural.	
CS	Recoñece a imaxe do cataventos como un aparello que amosa a dirección do vento e asócio a un uso determinado.	
CS	Pon exemplos de elementos e recursos fundamentais do medio físico.	
CS	Relaciona os elementos e os recursos fundamentais coa vida das persoas.	
CS	Toma conciencia da necesidade dun uso responsable dos elementos e dos recursos fundamentais.	
EP	Nomea e recoñece as figuras xeométricas básicas e os elementos plásticos	
EP	Observa diferentes formas de presentar o espazo	
EP	Identifica, nomea e debuxa as formas básicas	
EP	Identifica os tamaños	

Perfil Competencial: COMPETENCIA APRENDER A APRENDER

Área	Estándar	ADQUIRIDO SI/NON
CN	Clasifica con criterios elementais os animais e as plantas do seu contorno.	
CN	Pon exemplos asociados á hixiene, á alimentación, ao exercicio físico e ao descanso como forma de manter o bo funcionamento do corpo.	
CN	Monta e desmonta obxectos e aparellos simples.	
CN	Describe o funcionamento e uso de obxectos e aparellos simples.	
CN	Coñece e aplica, con axuda e de forma moi guiada, estratexias para estudar e traballar de maneira eficaz (por exemplo, palabras clave, título..)	
CN	Manifesta autonomía, coa axuda do docente, na execución de accións e de tarefas sinxelas e pautadas.	
CN/C S	Realiza preguntas adecuadas para obter información dunha observación.	

Área	Estándar	ADQUIRIDO SI/NON
CN/CS	Utiliza algúns instrumentos para obter información dunha observación.	
CS	Interpreta imaxes, esquemas e resumos, e manexa as TIC en situacións de aula.	
CS	Aplica a información aprendida en actividades tanto individuais como en grupo.	
CS	Sinala a procedencia dalgúns produtos alimentarios da vida diaria, identificando a orixe.	
CS	Clasifica os diferentes oficios asociados aos produtos, identificando a súa función (por exemplo, con organizador gráfico).	
CS	Recoñece a evolución dos cambios na súa vida, utilizando fotografías, películas e outras fontes.	
LG/LC	Expresa oralmente dunha maneira organizada feitos, vivencias e ideas.	
LG/LC	Localiza información concreta na lectura de textos.	
LG/LC	Realiza inferencias directas na lectura de textos.	
LG/LC	Reescribe textos relacionados coa experiencia infantil aténdose a modelos claros, planificándoos.	
LG/LC	Redacta textos sinxelos relacionados coa experiencia infantil aténdose a modelos claros e revisándoos.	
LG/LC	Identifica dunha maneira guiada algúns cambios que se producen nas palabras e nos textos sinxelos ao realizar segmentacións, cambios na orde, supresións e insercións que fan mellorar a comprensión e a expresión oral e escrita.	
LG/LC	Comprende a terminoloxía gramatical e lingüística elemental nas actividades relacionadas coa produción e coa comprensión de textos.	
LG/LC	Utiliza a terminoloxía gramatical e lingüística elemental nas actividades relacionadas coa comprensión de textos.	
LG/LC	Busca axuda para resolver as súas dúbidas respecto do vocabulario, empregando recursos como os seguintes: dicionarios con imaxes, programas no encerado dixital ou consultas guiadas en Internet.	
LG/LC	Aprende a formular sinxelas hipóteses, baseándose en imaxes que acompañan o texto.	

Área	Estándar	ADQUIRIDO SI/NON
LG/LC	Utiliza a biblioteca da aula e respecta as súas normas de funcionamento.	
LG/LC	Participa activamente en situacións de contacto co uso da lingua, amosando unha escoita activa (disposición, postura).	
LG/LC	Expresa por escrito ideas moi sinxelas.	
LG/LC	Busca axuda para resolver as súas dúbidas respecto ao vocabulario empregando recursos como: dicionarios con imaxes, programas no encerado dixital e consultas guiadas en Internet.	
MATE	Emprega estratexias persoais na realización de cálculos numéricos básicos.	
MATE	Mide obxectos con unidades de medida non-convencionais.	
MATE	Utiliza os instrumentos de medida ao seu alcance máis adecuados á situación.	
MATE	Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.	
MAT	Desarrolla y muestra actitudes adecuadas para el trabajo en matemáticas: esfuerzo y espíritu de superación.	
MAT	Muestra interés en la resolución de problemas del entorno escolar, superando bloqueos e inseguridades ante situaciones desconocidas.	
MAT	Aplica estrategias sencillas (experimentación, exploración, analogía...) en la resolución de problemas del entorno escolar.	
MAT	Practica algunhas características do método científico no tratamento de situacións problemáticas do contorno escolar, sendo ordenado no rexistro das súas observacións e na expresión dos resultados.	
MAT	Compón de forma manipulativa figuras planas a partir doutras describindo aspectos concretos do resultado (diferenzas de tamaño, número de lados, pezas utilizadas etc.).	
MAT	Practica algunhas características do método científico no tratamento de situacións problemáticas do contorno escolar, sendo ordenado no rexistro das súas observacións e na expresión dos resultados.	
VSC	Soluciona os problemas persoais da vida escolar con independencia adecuada á súa idade	

Área	Estándar	ADQUIRIDO SI/NON
EP	Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual	
EP	Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras plásticas	

Perfil Competencial: COMPETENCIA SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

Áreas	Estándar	ADQUIRIDO SI/NON
CN/CS	Toma conciencia da necesidade dun uso responsable dos elementos e dos recursos fundamentais.	
CN/CS	Coñece as normas básicas como peón e como usuario dos medios de locomoción.	
CN	Realiza el montaje y desmontaje de piezas con un modelo dado y con la ayuda del docente.	
CS	Amosa actitudes de confianza en si mesmo, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe que o fan participativo nas actividades propostas.	
CS	Amosa autonomía na realización de accións e de tarefas na aula.	
CS	Aplica a información aprendida en actividades tanto individuais como en grupo.	
LG/LC	Respecta as normas de intercambio lingüístico.	
LG/LC	Relaciona con exemplos concretos informacións obtidas de textos con ideas ou vivencias propias.	
LG/LC	Reescribe textos relacionados coa experiencia infantil aténdose a modelos claros, planificándoos e revisándoos.	
LG/LC	Presenta e redacta, con limpeza, claridade e orde escritos breves e sinxelos en relación co asunto dado. Emprega para os seus escritos recursos e estratexias que o axudan a xerar ideas (rutinas e destrezas de pensamento).	
MATE	Toma decisións nos procesos de resolución de problemas do contorno escolar.	
MAT	Formula problemas sencillos utilizando números hasta el 99 e lectura de gráficos	
MAT	Emplea procedimientos diversos en la realización de cálculos numéricos básicos.	
MAT	Utiliza los instrumentos de medida a su alcance más adecuados a la situación.	
EP	Describe o que sente ou pensa sobre as súas propias creacións plásticas e as dos compañeiros/as usando o vocabulario axeitado	
EP	Emprega os diferentes tipos de liña e experimenta con elas para completar debuxos	

Áreas	Estándar	ADQUIRIDO SI/NON
VSC	Emprega algunhas estratexias que lle axudan a sentirse mellor	
VSC	Interpreta o contorno e desenvólvese nel con autonomía	
VSC	Analiza verbalmente como é o que aprendeu	
VSC	Escoita, entende e dá sentido ás ideas que expoñen outras persoas durante o traballo en equipo	
VSC	Soluciona os problemas persoais da vida escolar coa independencia adecuada a súa idade	

Perfil Competencia: COMPETENCIA SOCIAL Y CÍVICA

Áreas	Estándar	ADQUIRIDO SI/NON
CN/CS	Realiza rexistros claros da información obtida.	
CN/CS	Ordena temporalmente algúns feitos relevantes do contorno próximo.	
CS	Relaciona os elementos e os recursos fundamentais coa vida das persoas.	
CS	Toma conciencia da necesidade dun uso responsable dos elementos e dos recursos fundamentais.	
CS	Recoñece, identifica e pon exemplos sinxelos sobre as principais profesións que exercen as persoas no seu contorno cotián.	
CS	Identifica os medios de transporte máis comúns no contorno.	
CS	Cofece as normas básicas como peón e como usuario dos medios de locomoción.	
CS	Ordena temporalmente algúns feitos relevantes da vida familiar.	
CS	Aprende habilidades para realizar actividades en equipo na aula.	
CS	Amosa a importancia dunha convivencia pacífica entre os compañeiros da aula.	
CS	Participa na vida social da aula e iníciase no uso de estratexias para resolver conflitos.	
CS	Identifica os códigos de conduta do seu contorno máis próximo.	
CS	Cofece que o diálogo evita e resolve conflitos en situacións de xogo e asemblea.	
CS	Aplica habilidades de colaboración e de traballo en equipo e escoita as ideas dos seus compañeiros da aula.	
CS	Realiza actividades en grupo e acepta responsabilidades.	

CS	Identifica as relacións de parentesco, representando os diferentes membros da súa familia e escribindo os nomes de cada un.	
CS	Amosa unha conduta adecuada nas visitas a espazos culturais.	
CS	Identifica o nome de diferentes tendas habituais, o da persoa que traballa nese establecemento e os produtos que vende.	
CN	Coñece e iníciase no coidado dos instrumentos e utilizaos de maneira segura.	
CN	Coñece, identifica e adopta, de maneira guiada, hábitos saudables para previr doenzas no ámbito familiar e escolar.	
CN	Identifica emocións e sentimentos propios.	
CN	Describe o funcionamento e uso de obxectos e aparellos simples.	
CN	Describe o funcionamento e uso de obxectos e aparellos simples.	
CN	Amosa condutas de respecto e de coidado cara aos seres vivos do seu contorno próximo.	
CN	Coñece as normas básicas de uso dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo e iníciase no seu coidado.	
CN	Iníciase na realización, con axuda e de forma individual ou en equipo, de experiencias, tarefas básicas e proxectos sobre o ser humano, a saúde, os seres vivos...	
LGEL	Escoita as intervencións dos seus compañeiros amosando respecto polas ideas, os sentimentos e as emocións dos demais.	
LGEL	Aplica as normas sociocomunicativas: espera de quendas, escoita activa, participación respectuosa e primeiras fórmulas de cortesía.	
EP	Representa as normas preestablecidas e coida os materiais, os utensilios e os espazos	
EP	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica	
EP	Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto	
VSC	Expresa a percepción da súa identidade	
VSC	Emprega a comunicación verbal para comunicar afectos e emocións con amabilidade	
VSC	Expresa axeitadamente, experiencias, ideas, pensamentos e emocións en exposicións orais	
VSC	Conversa sobre o tema proposto e respecta a quenda de palabra	
VSC	Desenvolve actitudes de colaboración en situacións informais de interacción social	
VSC	Soluciona os problemas persoais da vida escolar coa independencia adecuada á súa idade	
VSC	Coñece e enumera as normas de convivencia da aula	
VSC	Colabora con persoas doutro sexo en diferentes situacións escolares	

Perfil Competencia: COMPETENCIA CONCIENCIA Y EXPRESIONES CULTURALES

Áreas	Estándar	ADQUIRIDO SI/NON
CS	Recoñece algunhas manifestacións culturais presentes no ámbito escolar e no seu contorno.	
CS	Respecta e valora a diversidade e riqueza das manifestacións culturais no ámbito escolar e local.	
LG/LC	Coñece a existencia de diferentes linguas en España e a realidade plurilingüe do mundo.	
LG/LC	Coñece textos de tradición oral e literatura infantil.	
LG/LC	Coñece algúns aspectos formais simples da narración e da poesía co fin de apoiar a lectura destes textos.	
MAT	Describe el desplazamiento de un objeto del espacio próximo con relación a otros puntos de referencia utilizando los conceptos de <i>izquierda-derecha, delante-detrás, arriba-abajo, cerca-lejos y próximo-lejano</i> .	
MAT	Reconoce formas rectangulares, triangulares y circulares en objetos del entorno inmediato.	
MAT	Reconoce espacios con formas rectangulares, triangulares y circulares.	
MAT	Reconoce cuerpos con formas cúbicas y esféricas en objetos del entorno inmediato.	

Perfil Competencia: COMPETENCIA DIXITAL

Área	Estándar	ADQUIRIDO SI/NON
CN	Monta e desmonta obxectos e aparellos simples.	
CN	Describe o funcionamento e o uso de obxectos e aparellos simples.	
CN	Realiza preguntas adecuadas para obter información dunha observación.	
CN	Utiliza algúns instrumentos para obter información dunha observación.	
CN	Realiza rexistros claros da información obtida.	
CN	Iníciase, coa axuda do docente, no coñecemento teórico do uso adecuado das TIC como recurso de ocio.	
CS	Utiliza as TIC (internet) para coñecer a terminoloxía adecuada aos temas tratados na aula, coa axuda do mestre/a.	

CS	Intepreta imaxes, esquemas e resumos e manexa as TIC en situacións de aula.	
LGEL	Identifica dunha maneira guiada algúns cambios que se producen nas palabras e nos textos, ao realizar segmentacións, cambios na orde, supresións e insercións que fan mellorar a comprensión e a expresión oral e escrita.	
LGEL	Utiliza distintos programas educativos dixitais, coa axuda do mestre/a.	
LGEL	Escribe textos breves propios do ámbito da vida cotiá: notas, felicitacións, convites... a partir da imitación de textos modelo.	
MATE	Interpreta resultados dunha comparación.	
MATE	Expresa resultados dunha comparación.	
MATE	Realiza interpretacións elementais dos datos presentados nun gráfico de barras.	
MATE	Resolve problemas sinxelos nos que interveña a lectura de gráficos.	

AVALIACIÓN

Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación na Educación Primaria débese apoiar nos seguintes aspectos:

- Os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábelos curriculares son as referencias para a avaliación do grao de adquisición das competencias e dos obxectivos curriculares.
- A avaliación será continua e global no conxunto das áreas.
- A avaliación continua permitirá detectar se o progreso dun alumno ou alumna non é adecuado e establecer medidas de reforzo educativo, dirixidas a garantir a adquisición das competencias e obxectivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- Avaliaranse tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensinanza e a práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.
- As condicións de realización de todas as avaliacións deben estar adaptadas ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- A nota final (ordinaria) de cada unha das materias realizárase do seguinte xeito: nas áreas de matemáticas, ciencias naturais e sociais será a media dos tres trimestres e no resto das áreas a nota final será a do terceiro trimestre.

	Procedementos			
	Escritos	Orais	Observación directa	Outros
Instrumentos	<ul style="list-style-type: none">• Traballos diversos realizados polo alumnado na actividade diaria na clase.• Caderno de clase do alumno• Proxectos.• Actividades de avaliación (libro, fichas fotocopiábelas, caderno do alumno/a...).• Traballos de grupo.• Resolución de exercicios e problemas.	<ul style="list-style-type: none">• Preguntas individuais e de grupo.• Participación do alumno/a.• Intervencións na clase.• Postas en común.• Entrevistas.• Probas orais individuais.• Exposicións orais.• Debates	<ul style="list-style-type: none">• Escalas.• Listaxes de control.• Diario de clase.• Ficha de rexistro individual.	<ul style="list-style-type: none">- Rúbrica de avaliación (aprendizaxes, habilidades xerais, proxectos).• Autoavaliación.

	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades interactivas. •Talleres 			
--	--	--	--	--

Crterios de cualificación

	Crterios
1. Trabajo autónomo (aula, outros espazos). 30%	<ul style="list-style-type: none"> • Realización sen axuda externa. • Estimación do tempo investido para resolver unha actividade. • Grao de adquisición de aprendizaxes básicas. • Orde e limpeza na presentación. • Caligrafía. • Destrezas. • Revisión do traballo antes de dalo por rematado. • Valoración entre o traballo na aula e na casa. • Creatividade.
2. Actividades de avaliación. 40%	<ul style="list-style-type: none"> • Valoración da aprendizaxe dos contidos. • Valoración dos procesos seguidos e dos resultados. • Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade. Coherencia e adecuación. • Valoración do tempo investido/tempo necesario para resolver unha actividade. • Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado. • Caligrafía lexible. • Destrezas.
3. Actividades TIC. 5%	<ul style="list-style-type: none"> • Uso adecuado e guiado do ordenador e dalgunha ferramenta telemática. • Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou resolver unha actividade. • Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningún). • Grao de elaboración da resposta. • Interese, motivación.
4. Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipos de resposta...). 15%	<ul style="list-style-type: none"> • Nivel e calidade das intervencións. • Mensaxe estruturada. • Uso de vocabulario apropiado. • Comportamento. • Esfuerzo. • Interese
5. Trabajo cooperativo. Valoración individual e de grupo. 10%	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de traballo cooperativo. • Grao de comunicación cos compañeiros e opinión persoal de cómo se levou a cabo • Resolución de conflitos. • Interese, motivación. • Creatividade. • Iniciativa.

Avaliación inicial: Se empregarán probas obxectivas para avaliar os contidos previos en canto a motricidade, discriminación visual e auditiva, memoria, conciencia fonolóxica e concepto de número. Completaranse co análise de producións orais que exista en assemblea, postas en comúns, chuvia de ideas, etc. Os resultados servirán de base para a toma de decisións posteriores e formativas.

Criterios de promoción

O alumnado promocionará se domina os mínimos esixibles para cada unha das asignaturas e, asemade, ten aprobadas as áreas de lingua castelá, lingua galega e matemáticas. No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo a súa promoción será valorada individualmente e esta valoración será levada a cabo polo equipo de mestres que atende a ese neno/a en colaboración co Departamento de Orientación.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

Consideramos que os principios metodolóxicos válidos para todas as áreas desta etapa son:

- O enfoque globalizador dos contidos, de maneira que as actividades realizadas polos alumnos supoñan unha inter-relación entre as distintas áreas.
- A mestra actuará como guía e mediadora para facilitar aprendizaxes significativas ao alumnado .
- A motivación dos alumnos no proceso ensino-aprendizaxe farase partindo de situacións que provoquen o seu interese e manteñan a súa atención, ben porque respondan ás súas experiencias e necesidades ou polo seu significado lúdico e imaxinario.
- A necesidade de garantir aprendizaxes funcionais, asegurando a súa utilización por parte do alumnado cando o necesite, tanto na aplicación práctica do coñecemento adquirido como na súa utilización para levar a cabo novos aprendizaxes.
- Favorecer a aprendizaxe cooperativa para impulsar as relacións entre iguais, proporcionando pautas que permitan a confrontación e modificación dos puntos de vista, coordinación de intereses, toma de decisión colectivas, axuda mutua e superación de conflitos mediante o diálogo e a cooperación, superando con iso toda forma de discriminación.

-As aprendizaxes basearíanse no principio de actividade, entendida nun dobre sentido (por unha banda como modo de que o alumnado realice unha aprendizaxe autónoma e por outra, establecer estratexias para unha actividade en todos os aspectos: manipulativos, motores e cognitivos).

-A adecuada selección e secuenciación dos contidos, de maneira que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para conseguilas.

-Terase en conta a diversidade do alumnado, atendendo ás peculiaridades de cada grupo, ás características de nenos ou nenas de variada procedencia e capacidade, de distinto ritmo de aprendizaxe, etc.

-Adecuar a utilización de diferentes recursos (materiais, manipulables, textos, inéditos audiovisuais e informáticos) aos obxectivos que se perseguen e selecciónalos con rigor.

-A avaliación inicial servirá como punto de referencia para a actuación pedagóxica co fin de adecuar o proceso de ensino ao progreso real dos alumnos.

-Non podemos esquecer no noso método pedagóxico a teoría das **intelixencias múltiples**. Sabemos que cada persoa non posúe unha intelixencia única senon que ten oito formas de intelixencia que se presentan con diferentes niveles de desenvolvemento ao nacer. Deste xeito sabemos como aproveitar con maior efectividade as habilidades de cada neno xa que posibilita ter en conta as súas formas predilectas de adquirir coñecementos e así aumentar a súa motivación. Coa axuda das intelixencias múltiples lograse un desenvolvemento integral e armónico e fortalécese o traballo por competencias.

- *Neste apartado da programación é necesario facer referencia aos tres escenarios, en relacións as medidas educativas que debemos adoptar no presente curso, para poder dar continuidade ao proceso de ensino-aprendizaxe.*

Consecuentemente tendo en conta a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar determinados periodos de docencia presencial con outros de docencia non presencial resulta imprescindible establecer unha serie de adaptacións no currículo, na metodoloxía e na autonomía organizativa e pedagóxica.

-Presencial: neste caso seguiremos a presente programación tal e como contemplamos neste documento centrándonos en actividades máis individuais, con materiais individuais para cada neno/a, evitando así os contactos entre o alumnado dentro

das posibilidades.

- Semipresencial: nesta situación intentaremos manternos o máis próximos a esta programación, ca dificultade añadida da redución de sesións, xa que algunhas serían presenciais e outras non, polo que buscaremos que nas presenciais traballen os contidos máis destacados de cada área e os reforcen cando non acudan ao centro. Para ofrecer un seguimento da actividade empregaremos diferentes canles de comunicación como é o correo electrónico e abalar mobil, o que nos permitirá ver a evolución do alumnado.*
- Telemática: nesta situación buscaremos traballar os contidos de cada área coa dificultade da non presenza do alumnado, polo que empregaremos a páxina web do centro así como a aula virtual, para subirles alí videos e informacións, sobre cada contido e plantexar así diferentes actividades e exercicios. Así mesmo, os nenos e nenas contarán cuns cadernillos con fichas impresas que levarán para as súas casas que servirá para facilitarlles así a continuidade do proceso de ensino-aprendizaxe a todo o alumnado, correxindo as actividades polos medios telemáticos para a comunicación.*

Ensinanzas transversais

Traballaremos en todas as áreas e nos diferentes momentos que os nenos e nenas pasan no centro, as ensinanzas transversais, tratando de que se cumpran os obxectivos que nos marcamos.

Educación para a igualdade.

- Conseguir unha visión do mundo libre de estereotipos sexistas e fomentar o rechazo por calquera discriminación por razón de sexo.
- Reflexionar e opinar sobre a igualdade no reparto de tarefas na casa.
- Recoñecer distintas profesións evitando calquera estereotipo sexista

Educación do consumidor.

- Fomentar actitudes críticas ante o consumo excesivo.
- Analizar o papel da publicidade, así como a información que proporciona, sendo capaz de ser crítico e responsable.

- Reducir o uso de materiais e practicar a súa reutilización e reciclaxe.
- Reducir o consumo de enerxía e coñecer enerxías non contaminantes.

Educación ambiental.

- Fomentar actitudes de respecto e responsabilidade polos animais de compañía e polo entorno natural.
- Coñecer os cuidados que requiren as mascotas e desenvolver actitudes de responsabilidade no seu cuidado.
- Coñecer o medio como un sistema vivo, valorando e apreciando a súa riqueza e diversidade.
- Coñecer o medio como un sistema no que todos os elementos son interdependentes e onde o ser humano é un elemento máis, capaz de actuar sobre el e de modificalo.
- Adoptar pautas de comportamento na vida cotiá para a defensa do medio ambiente.

Educación para a saúde.

- Ser consciente da importancia de hábitos de descanso saudables.
- Coñecer e practicar hábitos elementais de hixiene, alimentación e coidado persoal que derivan do coñecemento do corpo humano e que melloran a vida.

Educación para a paz.

- Desenvolver actitudes de respecto e colaboración cos demais.
- Estimar e valorar a lingua oral e escrita como medio de establecer e mellorar a relación cos demais.
- Respetar e valorar as festas populares e tradicións dos diferentes lugares como factor de enriquecemento para as diferentes culturas.
- Valorar o legado histórico e cultural, sendo conscientes da necesidade da súa conservación, así como da información que nos proporciona.
- Utilizar o diálogo e o debate para a resolución de conflitos.

Educación moral e cívica.

- Desenvolver a autonomía persoal, así como as posibilidades de tomar iniciativas, decisións e participar nas actividades de grupo aceptando e respectando as normas establecidas.
- Iniciarse en accións solidarias polas necesidades básicas de outras persoas.
- Respectar e valorar a cada membro da sociedade, recoñecendo as diferencias como elemento enriquecedor e respectando as diferencias culturais ou relixiosas.
- Comprender e respectar as normas dos xogos, empregar o diálogo e a comunicación como medio para a resolución de conflitos.
- Tomar conciencia das nosas diferenzas (capacidades, habilidades, limitacións...) e valoralas positivamente.

Educación viaria.

- Confeccionar e interpretar itinerarios e traxectos polo entorno cercano ao alumno/a.
- Coñecer e respectar as normas básicas para desprazarse como peóns e como usuarios dos medios de transporte.

Educación para o lecer.

- Desenvolver a capacidade de aproveitar o tempo de lecer en actividades que fomenten o desenvolvemento persoal

Materiais e recursos didácticos

Os materiais de referencia para o día a día na aula serán:

- Fichas de comprensión lectora, en consonancia co Plan de Comprensión Lectora incluído no Plan Xeral de Atención á Diversidade,
- Fichas de traballo das diferentes áreas.
- Recursos multimedia: ordenadores, pizarra dixital, libros medios, xogos e actividades on-line, videos explicativos,...
- Fichas de reforzo ou ampliación.

- Libros de lectura.
- Os cadernos.
- Materiais manipulativos dos diferentes recantos da aula.
- Material funxible.
- O propio entorno e as actividades vivenciais que se estimen en cada momento.

Atención á diversidade.

Entendemos por diversidade as diferenzas individuais entre as persoas e máis concretamente no alumnado do noso C.R.A. concrétnanse en diferenzas destes tipos: Diferenzas individuais referidas a capacidades, intereses, motivacións, experiencias anteriores, modos de aprender ou estilos de aprendizaxe, medio social no que se desenvolven...

Alumnado con necesidades educativas específicas. Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais, aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta, derivados de Altas Capacidades Intelectuais e debido a incorporación tardía ao sistema educativo español.(LOE, art.73)

Alumnado pertencente a minorías étnicas ou culturais, en situacións sociais de desvantaxe, con dificultades de acceso, permanencia e promoción no sistema educativo, así como alumnos inmigrantes con descoñecemento ou coñecemento insuficiente da lingua castelá ou galega.

Como docentes neste centro entendemos que:

A atención á diversidade non se centra só en factores individuais nin cognitivos, senón tamén no actitudinal e procedimental. Por iso intentamos dar resposta á realidade do noso contexto educativo, cambiante de acordo á evolución social e económica da zona. Atender á nosa diversidade non quere dicir solo que lexitimemos a desigualdade senón que a entendemos como enriquecemento, xa que as diferenzas son percibidas como tales, nunca como déficits. A calidade do ensino é a capacidade que ten a escola para ofrecer e propoñer

un deseño e unha práctica educativa axeitados á diversidade de capacidades, intereses, motivacións,...con unha axeitada dotación de medios materiais e humanos.

Isto supón:

- Ter en conta as características individuais dos nenos/as e adoptar as estratexias e actuacións educativas máis adecuadas
 - As distintas actuacións que se deseñen para a atención á diversidade deberán contemplar simultaneamente as capacidades, os intereses e as motivacións do alumnado
 - Ter a vontade de buscar propostas que permitan o maior grao de axuste entre, por unha parte, a capacidade de aprendizaxe dos nenos/nenas e as características da acción educativa.
 - A estratexia adoptada debe contemplar a oportuna diversificación dos procedementos educativos e instructivos co fin de que todos os alumnos/ás alcancen os obxectivos considerados necesarios para o seu axeitado desenvolvemento e socialización.
 - As necesidades educativas dos alumnos/ás proceden das diferenzas individuais, as cales se orixinan na continuidade dos intercambios cos diversos contextos sociais e de aprendizaxe.
 - A diversidade refírese a todo o alumnado e é responsabilidade de todo o profesorado. A atención ás necesidades educativas especiais inscríbese no marco da atención á diversidade; pero, non toda a diversidade supón necesidades educativas especiais.
 - As decisións que pretenden axustar a resposta educativa ás diferentes características do alumnado para que este poida acceder á cultura e desenvolva ao máximo as súas capacidades, afectan ao P.E., ás programacións de aula, e ás actividades de ensino e aprendizaxe.
 - A atención á diversidade débese integrar en todo o quefacer do centro.
- Tomaranse as medidas necesarias para que o alumnado poida recibir a resposta educativa máis axeitada ás súas capacidades, elaborando material para os diferentes grupos con necesidades educativas.

Programa/Actividades de Reforzo e Ampliación.

Dende o Departamento de Orientación, facilítase todo o material necesario para traballar con aqueles alumnos/as que teñan diferentes ritmos de aprendizaxe, así como para traballar cando atopamos dificultades no proceso de ensino-aprendizaxe.

A través de reunións periódicos co Departamento de Orientación, póñense en común as dificultades atopadas e trabállase para poder solventalas, nas mesmas tamén se organiza o traballa para desenvolver o Plan Xeral de Atención á Diversidade con material que reforzará e facilitará o traballo de reforzo, recuperación ou ampliación para levar acabo e da maneira exitosa o traballo ao longo do curso.

1º CURSO: A nivel específico no presente curso 2021-2022 o alumnado conta con diferentes necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe que se atenderá de xeito xeral na aula e específico cos profesionais adecuados (AL e PT). Existirá unha observación e seguimento continuado para poder adoptar as medidas necesarias ao longo do curso e ser fiel á idiosincrasia do alumnado que se presenta; aceptando e respectando as diferencias dende a propia diversidade.

Accións do plan de integración TIC

Non hai dúbida que as novas tecnoloxías ofrecen unha serie de vantaxes tanto para o alumnado coma para o profesorado que fai que as TICs se convirtan nun elemento necesario nos procesos de ensinanza-aprendizaxe. Podemos sinalar as seguintes vantaxes:

Para o alumnado: As novas tecnoloxías teñen a capacidade de ofrecer dunha grande variedade de experiencias de aprendizaxe interactivo, permitindo dar maior flexibilidade ao proceso de aprendizaxe. Así mesmo, as TICs preséntanse como un medio a través do cal os alumnos/as poden aprender significativamente, dado o alto nivel de motivación que esperta neles. Outra ventaxa das TICs é a que se refire á avaliación dos procesos. A través dos numerosos programas de ordenador os alumnos/as teñen a posibilidade de obter un reforzo positivo cando dan respostas correctas, sendo este feedback moi positivo para a súa aprendizaxe.

Para o profesorado: As TICs son unha importante e útil ferramenta para apoiar o labor dos mestres, e incluso para facilitar o seu traballo mediante o uso de procesadores de textos, gardando e rexistrando os traballos dos nenos/as con fins avaliativos,...

Actividades de introducción das TICs na vida diaria na aula:

RECURSOS EDUCATIVOS / SOFTWARE: En cada escola hai polo menos un pc ou portátil co cal o alumnado poderá traballar, experimentar, xogar con diferentes tipos de contido a través da variedade de recursos educativos atopados tanto na web, como en CDs, materiais de editoriais, etc. Ditos programas serán utilizados ben no propio portátil/pc, ou ben co Encerado Dixital Interactivo, ampliando así a competencia do alumnado no uso destas ferramentas.

INTERNET: Todas as escolas contan con conexión a internet, o cal supón unha ventana a calquera tipo de coñecemento. A través de consultas no google, o alumnado ten a posibilidade de atopar información sobre calquera tema, aprendendo así a realizar búsquedas efectivas na rede. Isto redundará na competencia de “aprender a aprender”, ademais da “competencia lingüística” e da “competencia dixital”.

NOTEBOOK: É o software específico do Encerado Dixital. Permitirá traballar aspectos de preescritura, escritura, etc ademais das posibilidades de traballo conceptual.

Proxecto Lector.

O obxectivo xeral do noso Proxecto Lector é desenvolver o hábito lector e mellorar a competencia neste ámbito. Deste xeito as bibliotecas de aula serán espazos dinámicos que favorezan o obxectivo anterior. Serán tamén obxectivos deste proxecto os seguintes:

- Formar lectores competentes.
- Crear e consolidar hábitos de lectura.
- Implicar a todo o profesorado tanto no deseño como na posta en práctica do proxecto anual de lectura.
- Actuar para salvar as dificultades de lectura e escritura que se dan no noso centro.
- Fomentar a lectura de todo tipo de textos, soportes e finalidades: ocio, información, aprendizaxe...
- Informar ás familias da relevancia da lectura e implicalas no proxecto lector.
- Crear espazos e tempos adecuados para promover o hábito lector.
- Dinamizar a biblioteca de aula a través de actividades motivadoras.

Na educación primaria a lectoescritura é un instrumento básico de soporte para todas as aprendizaxes e áreas do currículo, pero non só se usa como soporte para outras áreas senón tamén como unha actividade con identidade propia.

As prácticas lectoras que imos levar a cabo son entre outras:

- Lectura diaria durante 15- 20 minutos
- Lectura de todo tipo de textos: informativos, poéticos, publicitarios, narrativos, descritivos... usando para tal fin calquera tipo de soporte: revistas, xornais, enciclopédias, medios audiovisuais, libros...
- Actividades de fomento da comprensión e expresión oral e escrita.
- Intercambio de correspondencia interescolar
- Contacontos por parte da mestra e do alumnado.

Contamos cunha biblioteca de aula que nos permite o seu uso no tempo que transcurre entre actividades da rutina diaria e así como facer o préstamo de libros para que cada fin de semana o alumnado leve á casa, xunto con unha ficha na que teñen que facer entre outras cousas, un resumo do libro e un debuxo alusivo ao mesmo. Esta é tamen unha das maneiras de implicar ás familias no noso proxecto lector.

Actividades Complementarias e Extraescolares.

Os criterios seguidos para o desenvolvemento das actividades complementarias son os seguintes:

- Que sexa educativa e motivadora para o noso alumnado.
- Este relacionada cos obxectivos programados para os ciclos de infantil e primaria, e sempre que sexa posible ubicala no tempo acorde coa programación. Son complemento e ampliación das actividades desenvolvidas dentro da aula.
- Fomente a relación do neno-a co seu entorno natural, social e cultural.
- Se considere como un día lectivo normal, dando na medida do posible a maior continuidade as tarefas lectivas.

- Non supoña un gasto excesivo para as familias e tratar de remedar co apoio de todos aqueles casos coñecidos polo profesorado no que as ausencias teñan unha base económica.
- Consista en algo novedoso, que os alumnos/as non ven ou fan a cotío.
- Asistan todos os nenos-as, prevendo nos casos fundamentados e razonados a permanencia dun profesor na sede que atenda ao alumnado das diferentes escolas.
- Será programada unha para cada trimestre e logo todas aquelas que complementen e consideremos pertinentes e enriquecedoras para o desenvolvemento do noso currículo.
- Programada non sexa vinculante e sempre poida ser revisada e adaptada ó longo do curso polas razóns expostas no apartado anterior. Unha avaliación continuada que daremos conta na memoria, permitíranos revisar, modificar e adaptar as propostas das actividades.
- Fomentar a participación do alumnado de tódalas escolas no xornal escolar, no fomento do uso das bibliotecas, das actividades do proxecto lector e do plan TIC.
- As actividades complementarias trimestrais poden ser previstas de forma conxunta para Educación Infantil e Educación Primaria.
- Todas estas actividades están consensuadas polo profesorado do CRA.
- O calendario para a súa realización concretarase ao longo do curso
- Poderanse substituír ou engadir algunha actividade cuxa oferta se nos faga ao longo do curso e cuxo desenvolvemento sexa útil, interesante, factible e pertinente para o alumnado.

Actividades complementarias ao longo do curso de E.I. e E. P.:

- Saídas da escola ao seu contorno para observar os cambios estacionais
- Xuntanza nunha das escolas do CRA para as diferentes celebracións (magosto, entroido,...).
- O Nadal (programárase unha actividade conxunta a nivel de CRA)
- O Entroido (programárase unha actividade conxuntamente a nivel de CRA)
- Día da Paz (actividade programada conxuntamente e realizada a nivel de cada escola)

- Día da Constitución (actividade programada conxuntamente e levada a cabo a nivel de cada escola)
- Día das letras galegas (actividade programada conxuntamente e levada a cabo a nivel de cada escola)
- Festa fin de curso (actividade programada conxuntamente.)
- Todas aquelas conmemoracións estipuladas no calendario escolar serán programadas e levadas a cabo ao longo do curso tendo en conta as ofertas do concello e outras entidades, primando sempre o consenso pedagóxico do profesorado para a súa realización

Procedementos para valorar o axuste entre a Programación Didáctica e os resultados

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA		RESULTADOS ACADÉMICOS	PROPOSTAS DE MELLORA
Preparación da clase e dos materiais didácticos	Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases.		
	Existe unha distribución temporal equilibrada.		
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.		
Utilización dunha metodoloxía axeitada	Tivéronse en conta aprendizaxes significativas.		
	Considérase a interdisciplinidade (en actividades, tratamento dos contidos, etc.).		
Regulación da práctica docente	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.		
	Grao de seguimento dos alumnos.		
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.		
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se dá aos alumnos e ás familias	Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.		
	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.		
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.		
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.		
Utilización de medidas	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer:		
	<ul style="list-style-type: none"> • Aos alumnos. • Ás familias. 		
Utilización de medidas	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.		

para a atención á diversidade	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.		
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.		
	Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes		